

BANCO LIBROS DA ANPA

COMPATIBILIDADE: este banco de libros é totalmente **compatible co banco de libros da Xunta de Galicia**, de xeito que poden ser solicitados **ámbolos dous a vez**; unha vez resolta a solicitude da Xunta, se esta é negativa, atenderase a da ANPA (é dicir, que **se non che conceden os da Xunta poden emprestarche os da ANPA**). **IMPORTANTE: POR FAVOR, AVISÁDENOS** QUEN SOLICITA TAMÉN OS DA XUNTA E SI LLOS CONCEDEN para saber exactamente de canto stock dispoñemos!!

Este banco dótase de **libros cedidos ou doados**, e son repartidos ao comezo de curso entre os demandantes, segundo o criterio establecido pola Xunta Directiva.

BAREMO: O noso sistema de empréstito segue un baremo totalmente diferente (non ten nada que ver coa RENDA). **Outorgarase por orde de solicitude**, polo que é importante que se fagan canto antes, tendo **prioridade** á hora de recibir os nosos libros: aqueles que xa participaron no noso banco de libros, doadores de libros, socios/as...

DIRIXIDO só a 4º da ESO, 1º de BACH e 2º de BACH.

En **1º e 2º da ESO:** **NON hai banco de libros** porque traballarán coa aula virtual da plataforma informática **E-DIXGAL** e **non terán libros físicos, agás bioloxía de 1º ESO** (que terán que **mercar o libro** a petición do departamento de bioloxía do centro) pero este ano **NON** temos stock na ANPA por mor da entrada en vigor da LOMLOE que obriga ao **cambio de libros en 1º e 3º da ESO** para adaptar os contidos aos novos currículos aprobados nesa lei.

En **3º da ESO** este ano **NON** poderemos emprestar libros dende o banco de libros da ANPA porque **NON temos stock na ANPA** por mor da entrada en vigor da LOMLOE que obriga ao cambio de libros en 1º e 3º da ESO para adaptar os contidos aos novos currículos aprobados nesa lei.

DOAZÓNS: Precisamos libros **para todos os cursos** pero en especial para **2º de BACH** pois neste intre **NON TEMOS STOCK**. Podedes facer as vosas doazóns ao noso fondo de libros daqueles libros que marcásedes e que xa non ides utilizar, podendo así ser re-utilizados. **Precisamos da solidariedade das familias para que doen os libros que xa non precisen**, e poder darlles unha nova vida emprestándollos a outros nenos e nenas.

Na **conserxería** do centro hai un **caixon** para as doazóns. Cubride a **folia de rexistro** cos vosos datos para que quede constancia da doazón e poder ter **prioridade a hora a de solicitar libros** do noso banco de empréstito. **Moitas grazas de antemán a vosa solidariedade!**

SOLICITUDES: durante o **mes de xuño** poderán solicitarse os libros a través do **WhatsApp** da ANPA no **teléfono 634 851 860**. Indicando o nome do ALUMNO/A, LIBROS QUE SOLICITA E CURSO.

ENTREGAS: Unha vez estudadas e resoltas as solicitudes, **nos primeiros días de setembro, notificaremos** a cada alumno/a os libros outorgados e cando **poden pasar pola conserxería a recollelos**. Despois desa data, mentres teñamos libros en stock, **seguiremos admitindo solicitudes**, incluso comezado o novo curso, **ata esgotar existencias!**

DEVOLUCIÓN dos libros xa prestados: DATA LÍMITE O 22 XUÑO 2022. Unha vez rematado o curso escolar, o alumnado deberá devolvelos libros emprestados en bo estado (sen roturas, sen escrituras...) **na conserxería do IES Nº1**. No caso de non ser así, a Xunta Directiva da ANPA aplicará a sanción que estime oportuna (compra e reposición do libro, penalización no empréstito de libros...).

Para calquera dúbida, quedamos ao voso dispor 😊

Un saúdo,

A Xunta Directiva da ANPA Caramcheiro do IES Nº1 de Ribeira